

2024-2025

PLAN DE CONVIVENCIA

CPR CASA DO NENO



PLAN DE CONVIVENCIA

CPR CASA DO NENO

1- XUSTIFICACIÓN

O Plan de Convivencia é o documento que serve para concretar a organización e funcionamento do Centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo Centro, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regularan e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos obxectivos propostos.

A resposta educativa do Equipo Directivo e do profesorado no Centro é a de promover a actitude de participación do alumno mediante o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito. Igualmente pretendese potenciar a mellora da convivencia.

2-BASE LEGAL

Este documento terá un carácter plurianual e de permanencia na súa estrutura, aínda que procederá realizar concrecións anuais que reflictan e respondan ás necesidades que cada curso se produzan no centro. Para a súa elaboración, tívose en conta a normativa que se detalla a continuación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación (B.O.E. 141 de 04/05/2006) L.O.E. Modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9, LOMCE.
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento da educación e da cultura da Paz
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008).
- Lei 16/2010 do 17 de decembro de organización da administración xeral.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014 do 14 de abril. Igualdade de trato e non discriminación por orientación sexual.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia
Ademáis, as normas contidas neste documento elaboráronse ao abeiro dos distintos protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dentro da estratexia educonvives.gal.

3-DIAGNOSE DO ESTADO DE CONVIVENCIA DO CENTRO

3.1- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU ENTORNO

O colexio Casa do Neno está situado na localidade de Santiago de Compostela, en dous edificios diferentes.

A implicación das familias nas distintas actividades e talleres levados a cabo no centro está a ser positiva. Trátase dun CPR concertado con unha liña.

O colexio forma parte de “[Escolas que Aprenden #EQAp](#)” unha rede crecente de escolas cunha gran diversidade: públicas, concertadas e privadas, grandes e pequenas, desde infantil a secundaria e FP, que apoian os seus procesos de mellora nun modelo de xestión do cambio e innovación bautizado coa metáfora de cubo Rubik. O devandito modelo é promovido pola Fundación Trilema.

Esta Fundación, tras anos de investigación e práctica docente, consolidou un

modelo pedagógico e educativo , que no noso centro educativo púxose en marcha no curso 2021-2022, “Red de Escuelas que Aprenden (#RedEQAp)”
<https://eqap.fundaciontrilema.org/quienes-somos/>

O centro forma parte do programa BEDA -Escolas Católicas de Madrid e Cambridge English Language Assessment.

Os datos identificativos do centro son: NOME: CEIP Plurilingüe Casa do Neno.
TELF.: Tfno. 881 01 82 41 E- MAIL: casadoneno@casadoneno.edu.es PAX WEB:
casadoneno.edu.es

Alumnado-Familias

Ao colexio acoden uns 200 alumnos/as procedentes do medio urbano e do medio rural.

Os pais destes alumnos/as mostran un grao medio de interese e participación na vida do centro. A nivel xeral as familias colaboran en programas e actividades propostas dende o centro, interesándose polos problemas e dificultades dos seus fillos. Por todo isto pódese dicir, que os alumnos/as acoden motivados ao colexio, existindo un clima adecuado entre familias e profesorado.

Os datos recollidos sobre as familias sitúannos dentro dun rango de clase media alta cunha alta porcentaxe de pais/nais que posúen estudos universitarios.

Profesorado

O profesorado está formado por profesionais con anos de experiencia sendo un equipo estable (a maioría do profesorado é definitivo), o que crea un ambiente de traballo que favorece o benestar e o traballo colaborativo. □

Servizos Complementarios.

→ **Comedor.** O colexio conta con este servizo para o alumnado. As vixancias antes, despois e durante a comida son realizadas por tres auxiliares de comedor. Unha mestra do equipo directivo esta a disposición da encargada do comedor para solucionar calquera incidencia que xurda.

Servizo de madrugadores: de 8:00 a 9:00 h de luns a venres.

3.2 – SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

O alumnado do colexio está constituído por nenos e nenas comprendidos entre os 0 e os 11 anos,, desde Infantil de 0 anos a 6º de Primaria.

No centro non existen graves problemas de convivencia. O clima do Centro é positivo e a relación, dentro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa (profesores, alumnos e familias), é correcto e respectuoso.

O tipo de conduta problemática mais frecuente é a que corresponde xeralmente aos alumnos dos últimos niveis, ten que ver con incumprimentos de deberes ou conculcación de dereitos de carácter leve. Estes comportamentos son reeducados co dialogo e coa aplicación das correccións que o NOF contempla para estes casos.

De forma illada aparecen casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade. As medidas adoptadas sempre levan aparellada unha implicación de colaboración por parte das familias.

Tamén se concede importancia especial á corrección de condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia.

As familias preocúpalles principalmente aqueles procederes dos alumnos que interfiran no proceso de ensino - aprendizaxe dos seus fillos, que impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e non poidan aproveitarse debidamente.

Os alumnos conceden importancia principal a que se respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

4.1- OBXECTIVOS XERAIS

O plan de convivencia debера contribuír a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.

Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as practicas que permitan avanzar no respecto a diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos.

Detectar e eliminar todas as manifestacións de violencia, acoso escolar, violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos

Favorecer a adquisición das competencias social e cidadá para a autonomía e iniciativa persoal.

Fomentar a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

Potenciar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción de comunidades educadoras.

4.2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover actitudes e comportamentos en todos os membros da comunidade educativa que manteñan e fomenten unha boa convivencia.
- Reducir as condutas disruptivas que perturban o clima de clase
- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo e reeducador
- Actuar ante os conflitos de xeito proactivo,
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo unha liña educativa común Analizar as causas das condutas disruptivas

Educar en valores

Crear a [aula de convivencia](#) para:

-Atender aos alumnos/as que precisen un proceso de reflexión sobre a súa actitude. Ensaíaranse as estratexias e habilidades sociais adecuadas que favorezan conductas positivas.

-Estará atendida polo profesorado de garda correspondente que fará un seguimento dos alumnos/as que acoden a ela, especificando a causa que motivou a súa asistencia a mesma.

5. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ORGANIZATIVA E MEDIDAS PREVENTIVAS

5.1 MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Entradas e saídas

Os alumnos entrarán ao recinto escolar ás horas establecidas. Mediante o aviso dun profesor os alumnos saberán cando son as entradas e saídas do centro. Os alumnos entrarán ao centro polas portas designadas a tal efecto. O profesor anotará as faltas ou retrasos do alumnado na plataforma EDUCAMOS.

Ningún alumno/a poderá saír de clase antes das horas establecidas, a non ser por un caso excepcional e co consentimento do profesor.

Ningún alumno/a poderá permanecer nos corredores, patios, etc. unha vez que comece as clases.

Nas entradas en Primaria o profesor da quenda correspondente, encargárase de manter a orde na porta da entrada. Na saída o profesor/a que está cos alumnos/as encargárase de que saian en orde.

En Infantil, na entrada, os profesores recollerán aos nenos/as, e nas saídas entregarannos as persoas autorizadas para recollelos.

Tempo de recreo

No tempo de recreo os alumnos/as permanecerán no patio do colexio. Excepcionalmente e por indicación do profesor, poderán permanecer na aula en presenza de dito profesor/a

A vixilancia dos recreos por parte dos profesores/as é obrigatoria e a de cumprirse coa máxima puntualidade de acordo co calendario establecido a principio de curso

Non están permitidos os xogos que supoñan molestias ou perigo para os demais, así como traer obxectos agresivos ou perigosos.

Non se entrará no edificio ata que toque o timbre e farase seguindo as instrucións dos profesores, salvo necesidade urxente e sempre con permiso.

Non está permitido subirse aos aramados, canastras, porterías e saír fora do recinto escolar.

Se xorde algún problema en tempo de recreo, os alumnos/as deberan dirixirse aos profesores/as vixiantes.

Para colaborar no cuidado do entorno de xogo, as envolturas de bocadillos ou obxectos de usar e tirar depositaranse nos colectores de lixo, que se atopan situados no patio.

Os alumnos poderán saír ordenadamente aos servizos de cada planta sempre controlados polos seus titores/as

Saídas do centro

En horario lectivo as saídas do Centro serán sempre cando os Pais/nais ou titores veñan recoller aos alumnos/as por causas xustificadas e previa firma da correspondente autorización.

- Corredores

Os corredores son zona de tránsito nas que se debe manter silencio para favorecer as clases dos alumno/as maiores.

Non se permite xogar con balóns, bolas, etc. dentro do edificio; así como, correr, patinar, pintar paredes, estragar murais, etc.

Os alumnos/as non poderán saír aos corredores nin ir os aseos nos cambios de clase, sen o permiso do profesor/a.

- Aulas

O comezo de curso determinarase qué grupo de alumnos utilizará cada aula.

O profesor/a titor/a será o responsable do material existente en cada clase, comunicando ao equipo directivo os danos que se produzan ou as necesidades que detecten.

Ningún alumno/a poderá permanecer nas aulas sen consentimento do seu

profesor/a en horario non lectivo.

-Pistas deportivas.

Polo seu carácter, e polo uso de espazos distintos as aulas, as clases de Educación Física ateranse ás seguintes normas:

O profesor especialista recollerá e levará aos alumnos ao remate da clase a súa aula. É importante manter un clima de silencio a fin de non ocasionar molestias ao resto das clases.

Terminada a clase, os alumnos/as axudarán a que o material quede correctamente ordenado.

-Comedor

- Prestar atención ao que digan as coidadoras/es e obedecer as súas indicacións. Cando teñan algún problema os alumnos/as que fan uso do comedor deben comunicarllo a eles.
- Entrar no comedor sen correr, sen empurrar. Falar en voz baixa.
- Pórse en fila no corredor correspondente a aula para acudir ao comedor... Seguir á coidadora/dor ata o comedor.
- Durante a comida permanecer sentado no sitio...
- Afacerse a comer de todo e en cantidade suficiente.
- Non xogar coa comida, nin tirala se non gusta.
- Comer correctamente, permanecer ben sentado e utilizar os cubertos que correspondan.
- Falar cos compañeiros, sen gritar, sen molestar e sen xogar.

5.2 MEDIDAS CURRICULARES

- Promover metodoloxías que favorezan a interacción, a aprendizaxe cooperativa e a responsabilidade compartida.
- Potenciar un rol do profesor que favoreza a empatía, o diálogo e as actitudes de acercamento e boa disposición.

- Favorecer os estilos de aprendizaxe que valoren a diversidade. As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten a tal fin rexeranse polos principios do [Deseño Universal para a Aprendizaxe](#).
- Traballar o coñecemento do alumno (desenvolvemento evolutivo, características emocionais, capacidades de inserción social, de relación interpersoal...)
- Aplicar programas de resolución de conflitos e habilidades sociais.
- Prestarse especial atención á educación emocional e en valores.
- Fomentar a capacidade de se por no lugar dos demais, coordinando dereitos e deberes.
- Así mesmo, no propio currículo de algunhas áreas ou materias que constitúen a educación primaria abárcanse contidos relacionados co respecto as persoas, as normas e a convivencia democrática.

5.3 MEDIDAS PREVENTIVAS

O profesorado do centro e os tutores/as mediante a acción tutorial e grazas ao permanente contacto co alumnado e as familias, serán os encargados de adoptar medidas educativas necesarias para previr os conflitos.

Contemplanse as seguintes medidas:

Actividades encamiñadas a facilitar a integración e a participación do alumnado:

- Plan de acollida
- Asambleas de aula
- Medidas para dar reposta a diversidade do alumnado:
- Plan de orientación
- Plan de acción tutorial
- Plan de atención á diversidade Medidas dirixidas ao profesorado: Plan de acollida ao persoal docente e non docente

Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co Centro:

- Atención as familias polo Equipo Directivo
- Atención dos tutores/as en horario de tutoría

- Asambleas de tutoría a comezos de curso
- Reunións coas familias cando sexa necesario
- Participación das familias a través do Consello Escolar.

Actividades dirixidas a sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres:

- Actividades programadas para a Convivencia.
- Medidas promovidas polo consello escolar encargado de velar pola igualdade.
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco.
- Información sobre a NORMATIVA do centro.

5.4. NORMAS PARA A CONVIVENCIA

Estas normas basearanse nos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa (que se citan máis adiante).

6.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR

Seguimos a normativa actualizada a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 e o Plan integral contra o Acoso e Ciberacoso Escolar en Galicia.:
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosalixinzo/?q=system/files/protocolo_educativo_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolarpdf_0.pdf

Informamos que no colexio estará instalado o **Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar**, segundo o protocolo fixado pola Consellería.

Falamos dun buzón a través do cal o alumnado pode comunicar ou denunciar, desde unha posición totalmente anónima, posibles situacións de acoso ou ciberacoso que sufran ou perciban en terceiros.

Trátase dunha iniciativa desenvolvida ao abeiro do **Plan integral** contra estas condutas impulsado pola **Xunta de Galicia** co fin de blindar que as contornas escolares sexan seguras, inclusivas e respectuosas e que os centros escolares e os espazos de interacción do alumnado contén cos recursos necesarios para poder

previr, identificar e actuar ante estas situacións.

6.1. ORIENTACIÓNS PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.

- Coñecer e respetar as normas de convivencia do centro.
- Xornadas de sensibilización dirixidas tanto a profesores, como a pais e alumnos.
- Participación en cursos de formación dirixidos aos distintos membros da comunidade educativa nos que se traten temas específicos relacionados co problema.
- Potenciación da figura do titor para que se constitúa en referente e persoa de confianza no caso de sufrir algún tipo de maltrato ou humillación no centro.
- En calquera caso as medidas propostas poderían organizarse en dous niveis ben diferenciados: o ámbito titorial e o ámbito do propio currículo.
- Medidas titoriais: queremos fomentar a través das actividades de tutoría a amizade así como as oportunidades de aprender habilidades sociais.

O papel do profesor terá lugar en tres ámbitos:

a) **Actuacións do titor en relación co alumno de forma individual:** coñecemento do alumno e das súas características psicolóxicas mais importantes, rendemento académico, habilidades de inserción social, condicionantes familiares, expectativas depositadas no alumno polos profesores, a familia e el mesmo, autoestima, etc.

b) **Actuacións do titor en relación co grupo – clase:** A aula é o lugar de convivencia por excelencia dentro da escola, así coma o núcleo de socialización mais próximo ao alumno e, polo tanto, o ámbito natural onde se debe traballar aquilo que poda fomentar un clima positivo no que todos e cada un se poda desenvolver como persoas, onde a violencia non ten cabida e se desenvolvan pautas de convivencia aceptadas e interiorizadas por todos.

c) **Acción titorial con respecto ás familias:**

1. Consideradas individualmente, tratando aspectos concretos que afectan de maneira particular a algún alumno/a.
2. Acción titorial coas familias entendidas como un grupo: reunións en escolas de pais.

d) Respecto as medidas curriculares:

- Promover metodoloxías que favorezan a interacción, o aprendizaxe cooperativo e a responsabilidade compartida.
- Potenciar un rol do profesor que favoreza a empatía, o dialogo e as actitudes de acercamento e boa disposición.
- Favorecer os estilos de aprendizaxe que valoren a diversidade
- Traballar o coñecemento do alumno (desenvolvemento evolutivo, características emocionais, capacidades de inserción social, de relación interpersoal...)
- Traballar contidos curriculares para a vida. Educación en valores
- Aplicar programas de comunicación e habilidades sociais que permitan afrontar situacións de conflito en positivo.
- Fomentar a capacidade de empatía

e) Respecto ao ámbito familiar:

Facer sentir as familias que o centro educativo é un lugar de encontro e dialogo.

Colaborar coas familias na educación dos seus fillos.

Promover relacións fluídas entre as familias.

A colaboración e coordinación na prevención.

A través da educación familiar pódese contribuir a previr calquera tipo de violencia:

1. Unha relación afectiva cálida, que proporcione seguridade sen protexer en exceso.
2. Un coidado atento, adecuado as cambiantes necesidades de seguridade e autonomía que se van producindo coa idade.
3. Unha disciplina positiva, que axude a respectar límites e aprender a establecer relacións baseadas no respecto mutuo,
4. Contextos e rutinas de comunicación nas que os adultos estén dedicados a compartir xogos e actividades cos seus fillos.
5. Oportunidades e habilidades para establecer relacións de amizade baseadas no respecto mutuo.

6. Colaboración coa escola na búsqueda de solucións para afrontar os problemas que poidan xurdir.

7. Protección ós nenos da violencia que chega dende as pantallas, mentres se lles educa na súa utilización con fins educativos.

8. Comprensión recíproca entre pais e fillos.

Tendo en conta todo isto, pode entenderse a especial relevancia que a colaboración da escola coas familias poden ter na prevención do acoso escolar e outras formas de violencia.

6.2 ACTUACIÓNS ANTE UNHA SITUACIÓN DE POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Seguirase as medidas de intervención recollidas no punto 3. do [PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR 2024](#).

.FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

No caso de que se detectase a sospeita dalgún caso de intimidación ou acoso entre alumnos procederase do seguinte xeito:

a) Actuacións inmediatas, de carácter urgente:

* Coñecemento da situación:

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso ou intimidación deberá pola en coñecemento do equipo ACAE .

*Posta en coñecemento do equipo directivo:

A dirección do centro educativo e o denominado equipo ACAE serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención. A confidencialidade rixe todo o proceso, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

PRIMEIRA VALORACIÓN DOS FEITOS:

O antes posible, a dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información

para realizar unha primeira valoración dos feitos. Da constitución deste equipo quedará rexistro a través do [Anexo 2. Constitución do equipo ACAE](#), e o resultado da valoración recollerase no [Anexo 3. Primeira valoración dos feitos comunicados](#), que será cuberto e asinado polos membros do equipo e entregado á dirección do centro.

- . a) Se o equipo ACAE non aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar e non determina a necesidade de apertura dunha investigación, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas [Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia](#), segundo o regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- . b) Se o equipo ACAE aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar, determinarase a necesidade de apertura dunha investigación.

FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME

FASE 2.1. INVESTIGACIÓN

Despois de concluír que os feitos comunicados conteñen indicios de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE procederá a iniciar unha investigación, da cal quedará constancia a través do [Anexo 4. Investigación e ditame](#). Trátase dun proceso confidencial que ten como obxectivo confirmar ou descartar a necesidade de apertura do Protocolo de Acoso e Ciberacoso Escolar. Todas as actuacións realizadas deberán ser recollidas documentalmente a través do anexo citado no parágrafo anterior.

O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación será o seguinte:

» Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor etc.), co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súa interacción, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións etc.

» Realización das entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas, como mínimo as seguintes → Posibles vítimas. → Posibles persoas acosadoras. → Persoas

espectadoras.

→ Persoa que informa dos feitos (de ser o caso).

Estas entrevistas serán realizadas por un ou dous membros do equipo ACAE, co obxectivo de obter información desde todas as perspectivas. A persoa designada do equipo ACAE deberá ser especialmente coidadosa e amosar unha actitude receptiva e obxectiva durante todo o proceso, así como manter a confidencialidade da información recollida. Débese iniciar cada entrevista con preguntas xenéricas, abertas, de forma indirecta, de xeito que a persoa entrevistada se relaxe, e establecer un ambiente distendido, e logo centrar a entrevista nos supostos feitos e gañar a confianza da persoa interlocutora. Rematarase amosando unha actitude tranquilizadora. Ademais, no caso das posibles vítimas, tratarase de ofrecer apoio e protección. Non se debe revitimizar, xulgar nin minimizar os feitos. Terase en conta que as vítimas poden non querer falar, polo que se debe facilitar a comunicación respectando os seus tempos e espazos, deixando que se expresen e aproximándose a elas de xeito empático.

Algunhas consideracións:

» Nesta fase de investigación non é obrigatorio informar as familias nin as persoas representantes legais. Porén, se o equipo ACAE considera oportuna a súa participación, poderá facelo e terá que rexistralo documentalmente.

» A partir desta fase, cando se produce a apertura do protocolo, as comunicacións e citacións ás familias ou representantes legais son obrigatorias no caso de persoas implicadas menores de idade non emancipadas.

» As persoas implicadas poderán contar cunha persoa do centro da súa confianza para realizar o acompañamento durante a entrevista, deixando constancia desta situación a través do Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista

» Recoméndase que as persoas implicadas na presumible situación de acoso ou ciberacoso escolar custodien todas as posibles probas físicas ou dixitais ata o final do procedemento.

Medidas inmediatas:

Paralelamente á investigación -ou antes, se a situación así o require-, poderanse

establecer medidas inmediatas:

- Vixilancia por parte do equipo ACAE nos lugares onde teña lugar o suposto acoso.
- Acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza.
- Seguimento diario polo/a docente de confianza da posible vítima.
- Separación das persoas implicadas nos lugares de uso común.

FASE 2.2. DITAME

Concluída a investigación, o equipo de ACAE analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, que será rexistrada a través do citado [Anexo 4. Investigación e ditame.](#)

» Se no ditame **SE DESCARTA** a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o centro educativo dará o proceso por concluído e non se iniciará o protocolo. Así e todo, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo o regulado na Lei 4/2011, de 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos.

» Se no ditame **SE CONFIRMA** a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE iniciará o protocolo e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, segundo sinala o artigo 46.1 do Decreto 8/2015. Ao mesmo tempo, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do centro, deixando constancia disto a través do [Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima.](#)

Todas as intervencións realizadas polo equipo ACAE pasarán a formar parte do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.

FASE 3.1. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS E Á INSPECCIÓN EDUCATIVA

A dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión a través do [Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar](#). Deste anexo enviarase unha copia á inspección educativa.

FASE 3.2. REUNIÓN COAS PERSOAS IMPLICADAS EN PRESENZA DA FAMILIA OU DOS/AS REPRESENTANTES LEGAIS

En presenza das familias ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a información resultante das investigacións previas. Ademais, recollerá a nova información achegada pola persoa implicada, e deixará constancia de todo o anterior a través do [Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais](#)

FASE 4 .PECHAMENTO DO PROTOCOLO

Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo. A través do [Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar](#), a dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos. As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptando a temporalización proposta a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixárase constancia a través do [Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas](#), do cal deberá entregarse copia á dirección do centro.

A temporización proposta é a seguinte:

» **Primeiro mes: recollida de información quincenalmente.**

» **Segundo mes en diante: recollida de información mensualmente.**

Manterase este seguimento o tempo que se considere necesario. As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e facilitarase unha copia ao profesorado titor do

alumnado implicado do curso seguinte (sempre que este permaneza no mesmo centro), co fin de detectar unha posible repunta da situación.

Dentro do proceso de coordinación entre centros educativos, con motivo da transición de etapa ou cambio de centro, o equipo directivo velará porque o centro receptor do alumnado sexa puntualmente e debidamente informado da situación de posible vulnerabilidade de determinado alumnado en relación co acoso ou o ciberacoso escolar

4. RECOMENDACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN

Algunhas das recomendacións que cómpre seguir durante o desenvolvemento do proceso de intervención do equipo ACAE son as que se detallan a seguir.

» Actuacións coa vítima

- Garantir protección, seguridade e apoio emocional.
- Manter, modificar ou ampliar as medidas inmediatas de protección.
- Introducir medidas de reforzo á súa autoestima, medidas para evitar ou paliar a autoculpabilización, actividades de educación emocional, destrezas de autoprotección, habilidades sociais, comunicación asertiva, manexo da ansiedade etc.
- Realizar tutorías individualizadas.
- Abordar o estrés postraumático, derivar aos servizos sanitarios, de ser o caso.
- Crear unha rede apoio e ampliar o círculo social e de relación entre iguais.
- Acompañar por grupos de compañeiros/as previamente formados/as.
- Separar fisicamente do alumnado acosador. Nun principio, o cambio debe afectar a este último, a non ser que a vítima pida expresamente o contrario.

» Actuacións coas persoas agresoras

- Actuacións educativas na aula de convivencia do centro.
- Inicio do procedemento corrector.

→ Tutorías individualizadas.

→ Claridade na mensaxe de tolerancia cero con calquera conduta contraria á convivencia, análise da gravidade da situación; procura da autoreflexión e cuestionamento das condutas desenvoltas

→ Reparación e compensación dos danos causados.

→ Programas de colaboración e cooperación (tarefas de aprendizaxe-servizo), de manexo e control da agresividade e da ira, de habilidades sociais, de empatía etc.

» Actuacións coas persoas espectadoras

→ Tarefas de reflexión e análise das consecuencias persoais e sociais da unión a grupos con condutas contrarias á convivencia, do consentimento e do silencio ante estas.

→ Tarefas relacionadas co deber persoal e social de denuncia de situacións de acoso e as consecuencias de non facelo. Importancia de pedir axuda e superar o medo a ser sinalado/a por denunciar.

→ Programa cooperación e colaboración (tarefas de aprendizaxe-servizo).

→ Conciencia sobre o uso do Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.

» Actuacións coas familias ou representantes legais

→ Realizar un seguimento e acordar un calendario de reunións ou contactos. Débense fomentar relacións que promovan o fluxo de información, a colaboración e o compromiso na resolución da situación.

→ Achegar pautas de actuación e hábitos adecuados.

→ Informar sobre posibles apoios externos e o seguimento destes.

» Actuacións co equipo docente

→ Unificación dos criterios de observación, seguimento e actuación.

→ Orientacións sobre como intervir positivamente na situación e como facer a observación e o seguimento desta.

→ Intervencións e/ou pautas orientadoras para a abordaxe do caso na aula.

7.- CONCRECIÓN DOS ÓRGANOS RESPONSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

7.1- PROFESORES

1. Corresponde aos profesores de cada grupo, a prevención dos conflitos e o cumprimento das normas de convivencia tanto na aula coma no resto das dependencias do Centro e nas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fora do recinto escolar.
2. Todos os profesores teñen o dereito e a obrigaón de respectar e facer respectar as normas de convivencia no Centro e corrixir aquelas condutas ou comportamentos que vaian en contra de ditas normas, de conformidade co disposto no Plan de Convivencia e no NOF.
3. Todos os profesores están obrigados a participar na resolución de conflitos no ámbito do Centro Escolar.
4. Todos os profesores serán responsables de incluír nas súas programacións e na súa practica na aula contidos e actitudes favorables a mellora da convivencia escolar, de acordo co establecido neste Plan de Convivencia.

7.2-CLAUSTRO DE PROFESORES

1. Corresponde ao Claustro de profesores propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro.
2. Nas súas reunións ordinarias e, se fora preciso, en reunións extraordinarias, coñecera da resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velara para que estas se atean a normativa vixente.
3. Propor actuacións de carácter educativo, para previr e solucionar conflitos de maneira pacífica.

7.3-TITORES

1. Corresponde aos titores, no ámbito do [Plan de Acción Titorial](#), a coordinación dos profesores que imparten docencia ao grupo de alumnos da súa titoría, mediando entre profesores, alumnos e familias.

2. Os titores impulsaran as actuacións que se leven a cabo, dentro do **Plan de Convivencia**, co alumnado do grupo da súa titoría e incorporaran nas súas sesións contidos proactivos para a mellora da convivencia escolar.

3. Os titores comunicarán ao alumnado do seu grupo as normas de convivencia aplicables no Centro e na aula, de acordo co que se recolla no Plan de Convivencia.

4. Os titores terán coñecemento das actuacións inmediatas e das medidas adoptadas polos profesores que imparten docencia no seu grupo de titoría, co obxecto de resolver os conflitos e conseguir un adecuado marco de convivencia que facilite o desenvolvemento da actividade educativa.

7.4- CONSELLO ESCOLAR

1.Exercerá as seguintes funcións:

- Velará polo correcto cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos.
- Propondrá medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- Coñecerá a resolución de conflitos disciplinarios e velará porque se atean a normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas pola dirección correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no Centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.
- Avaliará os resultados da aplicación das normas de convivencia no Centro, analizará os problemas detectados na súa aplicación efectiva e propondrá, no seu caso, a adopción das medidas para a súa resolución.
- Propondrá actuacións de carácter educativo en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade escolar.
- Elixirá aos representantes da comisión de convivencia.

2. Cando así o dispoña o Consello Escolar, e co fin de axilizar o seu funcionamento, as funcións referidas no punto anterior de este artigo poderán ser asumidas pola Comisión de Convivencia

8.-DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

8.1 .- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

A estar informados sobre o proceso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitara o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias a convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias as normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

8.2 .- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

A ser informados de diferentes aspectos recollidos nas Programacións a través da plataforma Educamos.

A ter acceso ás Programacións Didácticas a través de : (enlace público na web do centro)

A recibir unha información integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

A protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

A participar directamente no proceso educativo.

A participar na confección de normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos. 2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras a educación.

Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina dentro do centro docente.

Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

8.3 .- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia

escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

A protección xurídica adecuada as súas funcións docentes.

A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

A acceder a formación necesaria na atención a diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos mais axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponde a competencia, as condutas contrarias a convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias a convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

Informar as nais e pais ou as titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo

as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoñía a normativa aplicable.

Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, a Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

8.4.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.

1. Ao persoal de Administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar. A protección xurídica adecuada as súas funcións.

A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

2. Son deberes do persoal de Administración e de servizos:

Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias a convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, a Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tena coñecemento.

9.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓN 9.1 CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os actos individuais ou colectivos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de Administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito a honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar.

A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave as instalacións e os materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.

En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos que se considera perigosos, cando se e requirido para iso polo profesorado.

A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias a convivencia.

O incumprimento das sancións impostas.

9.2-MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

Realización, dentro ou fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan a mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

Cambio de grupo.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deba realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deba realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Cambio de centro.

9.3-PROCEDIMENTOS CORRECTORES DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

9.3.1-Procedemento corrector conciliado O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

Que o alumno ou a alumna responsable se comprometa a cumprir as medidas correctoras.

Se houbera outros membros afectados, deben mostrar a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procedera nos seguintes casos: Cando se aprecie que a conduta presenta unha notoria gravidade.

Cando a persoa agraviada ou as persoas proxenitoras non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

Cando a autora ou autor non comunique a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

Cando xa se fixese uso deste procedemento para corrixir unha conduta semellante.

A dirección convocara a persoa docente designada como instrutor/a e as persoas afectadas a unha reunión no prazo máximo dun día lectivo.

A persoa instrutora recordarlles que se someteron voluntariamente e advertirá que as declaracións que se realicen formaran parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

A persoa instrutora exporá e valorará a conduta e propondrá algunha das medidas correctoras.

As persoas participantes deberán acordar a medida correctora máis adecuada. Debera quedar constancia escrita da conformidade. O acordo será ratificado pola dirección.

O incumprimento das medidas correctoras dará lugar ao procedemento común. Se non se logra o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común. 9.3.2- Procedemento común -Utilizarase cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

-A persoa responsable da tramitación será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

-Debera precisar no expediente o tipo de conduta, así como a corrección.

-Disporá de cinco días lectivos para a instrución.

-Formulará a proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais, convocándoos a unha comparecencia, onde

poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

A proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditara a resolución escrita cos seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) Circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras.
- d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos, a revisión da medida correctora.

A dirección do centro notificaralle por escrito as persoas a resolución adoptada e remitiraa a xefatura territorial correspondente.

Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso. As correccións serán inmediatamente executivas.

9.4- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias a convivencia:

As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos a persoas etc, os actos inxustificados que causen danos e as actuacións prexudiciais para a comunidade, que non alcancen a gravidade requirida.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de

cada centro docente: falta de aseo persoal que provoque malestar...

9.5- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

As condutas leves contrarias a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas: Amoestación privada ou por escrito. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos. Realización de traballos específicos en horario lectivo.

Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan a mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado debera realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado debera realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

9.6-RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES

A imposición das medidas correctoras de condutas leves levaraa a cabo:

O profesorado da alumna/o, oído este e dando conta a persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das tres primeiras medidas correctoras.

A titora ou titor, oído este e dando conta a persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das catro primeiras medidas correctoras.

A persoa que ocupa a xefatura nas seis primeiras medidas. A persoa titular da dirección nas dúas ultimas medidas.

Os alumnos/as ou responsables destes poderán mostrar o seu desacordo mediante escrito nun prazo de dous días, a dirección ratificará ou rectificará unha vez valoradas as alegacións.

10- COMISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Consello Escolar elixirá ás persoas representantes da comisión de convivencia.

10.1 Composición

A comisión estará composta por:

- Presidente, que será o titular da dirección
- Tres representantes do profesorado: Orientador/a e dous titores .
- Tres representantes das familias
- Un representante de servizos e Administración

10.2. Plan de reunións:

A Comisión de Convivencia reunirase **dúas veces** durante o curso escolar para analizar a situación da convivencia no Centro. Ademais das sesións ordinarias, reunirase con carácter extraordinario tantas veces como os seus compoñentes o consideren necesario.

Levantarase acta de cada reunión, xa sexa ordinaria ou extraordinaria.

10.3. Plan de actuación:

As actuacións da Comisión de convivencia basearanse nas funcións encomendadas a dita Comisión:

- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no Centro.
- Coordinar o Plan de Convivencia e desenrolar iniciativas que favorezan a integración de todos os alumnos.
- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no Centro.
- Avaliar periodicamente, por delegación do Consello Escolar, a situación de convivencia no Centro e os resultados da aplicación das súas normas.

- Realizar o seguimento do cumprimento efectivo das correccións nos termos nos que houberan sido impostas velando porque se atañan a normativa vixente.
- Dar conta ao Consello Escolar das actuacións realizadas e resultados obtidos e elaborar o informe anual sobre o Plan de Convivencia, que se elevara ao Consello Escolar.
- Coñecer as decisións tomadas pola Dirección na corrección e sanción das condutas contrarias a convivencia do Centro.
- Intervir na resolución pacífica de conflitos.
- Cales queira que puidesen serlle atribuídas polo Consello Escolar, relativas ao coñecemento da resolución de conflitos e a mellora da convivencia do Centro.

11. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Unha vez finalizada a elaboración do Plan de Convivencia, darase a coñecer ao Claustro de Profesores, para o seu informe, e ao Consello Escolar, para a súa aprobación.

A partir dese momento procederase a súa difusión a través dos medios posibles: reunións, entrevistas, páxina web do Centro. A Comisión de Convivencia ten como tarefa facer o seguimento periódico e sistemático do mesmo.

Dado que na composición desta están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os membros da Comisión os encargados de recoller a información en cada un dos seus estamentos para sometela a análise, valorala e propor e implementar os axustes necesarios de maneira inmediata.

Ao comezo de cada curso escolar, revisarase o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no Centro e incorporar ao mesmo as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída no Proxecto Educativo de Centro.

A avaliación do Plan de Convivencia debe realizarse durante toda a aplicación do mesmo: *Inmediatamente logo da realización de cada actividade. * De forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recolleran: - Nivel de consecución de obxectivos propostos.

- Actividades realizadas.

- Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conclusións.
- Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar poidamos mellorar.

12.- NECESIDADES DE FORMACIÓN DOS PROFESORES

Para poder levar a practica de forma adecuada este Plan de Convivencia considerase imprescindible ter unha adecuada formación, encamiñada a potenciar a capacidade do profesorado tanto na resolución de conflitos, como na súa capacidade para atender situacións relacionadas coa convivencia e as situacións conflitivas.

Para elo cremos necesaria a existencia dun [Plan de Formación Permanente do Profesorado](#) nestes aspectos, destacando temas como:

- Cómo mellorar o dialogo cos alumnos.
- Motivación
- Habilidades de comunicación: a importancia da asertividade.
- Resolución de conflitos dentro da aula: intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas e maltrato entre compañeiros.
- Estratexias para fomentar a participación do alumnado. - Intelixencia emocional.